




Á VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E CONSELLERÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Asunto: Alegación do Concello de Vila de Cruces á Resolución do 24 de marzo de 2021, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto do parque eólico Cunca, situado no concello de Vila de Cruces, provincia de Pontevedra. (IN408A 2019/02).

Don Luis Celso Taboada Sánchez con DNI. 35249584Z como alcalde-presidente do Concello de Vila de Cruces con domicilio no lugar de Carballal nº12, parroquia de Cumeiro, Vila de Cruces (Pontevedra).

EXPON:

Analizada a documentación correspondente á zona afectada no Concello de Vila de Cruces pódese comprobar que o ámbito afectado pola instalación **correspondente á construción do Parque Eólico da Cunca que se atopa nas parroquias de Sabrexo e Merza**; tal e como se pode comprobar na seguinte imaxe:



Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492




Cod. Validación: GT7YPL9ML274M6FQK9552DQ | Corrección: https://viladecruces.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 19



En aplicación do documento das Normas Subsidiarias de Planeamento do Termo Municipal de Vila de Cruces e os seus proxectos modificados, á parcela resúltalle de aplicación a seguinte ordenanza:

Ordenanza nº7. Solo non urbanizable de réxime normal

Ordenanza nº8. Solo non urbanizable de protección de parques forestais, zonas agrestes e areas de potencialidade agrícola.



Segundo o punto 2.d da *disposición transitoria primeira* da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para solo de rústico aplicaráselle integramente o disposto na LSG para solo rústico.

Polo tanto, realízase o estudo da clasificación do solo rústico segundo as proteccións establecidas polos diversos organismos sectoriais segundo o artigo 34 da Lei 2/2016, do 19 de febreiro, do solo de Galicia; así como os planos do DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia que reflicten as afeccións e zonas de protección reguladas pola respectiva normativa sectorial vixente.


A continuación, inclúese o plano do Plan básico autonómico correspondente á zona que se estuda no presente informe:

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M6FQOKL9552DQ | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 19



AFECCIÓNS MEDIO FÍSICO		AFECCIÓNS DE INFRAESTRUTURAS		AFECCIÓNS MEDIO ANTRÓPICO		
Medio Ambiente	Augas	Enerxía	Portos	Aeroportos		
Espazos Naturais	Policia de cauces	Enerxía Eólica	Zona Servizo Portuaria	Servidume R.D.	Cemiterios	
Costas	Z. Inundables T500	Oleoducto	Portos	Servidume P.D.	Montes veciñais	
Ribeira do mar	Z. Inundables T100	Gasoducto	Salvamento Marítimo	Instal. Radioeléctr.	Concesión mineira	
DPMT	Zonas Fluxo Preferente	Alta Tensión	Defensa	Afeccións Acústicas	EDAR	
Servidume	Paisaxe	Transporte	Telecomunicacións	Zona de Servizo	Patrimonio Cultural	
	Áreas Especial Interese P.	Estradas	Antenas	Área de Cautela	Ben Interese Cult.	Ámbito de Camiño
		FFCC			Catálogo Patr. Cult.	Trazado de Camiño
					Contorno Protección	Camiño s/delim.
					Área amortecemento	

INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	
Proxectos Sectoriais	Plans Sectoriais
Parque Eólico	Instal. acuicultura
Parq. Empresarial	Instal. residuos
Dot. Educativas	Outros P.Sectoriais
Dot. Sanitarias	Alta Tensión
Apr. hidroeléctrico	Gasoducto
	Esp. Interese Paisaxístico
	Protección Costeira

A instalación que se pretende, tal e como se pode comprobar estará situada en solo clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

C) NORMATIVA DE APLICACIÓN

Segundo o artigo 50 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, entre os usos permitidos en solo rústico se atopa:

m) Instalacións e infraestruturas hidráulicas, de telecomunicacións, produción e transporte de enerxía, gas, abastecemento de auga, saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos cales discorren (artigo 35.1.m) da LSG).

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492





Na zona clasificada como solo rústico encóntranse como usos permisibles as instalacións de liñas de transporte de enerxía pero encontraranse condicionadas á calificación de interese público e ao correspondente informe ambiental ou estudo de avaliación de impacto ambiental.

Cabe sinalar que a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que calquera actividade urbanística, aínda que sexa en solo rústico, desenvolverase conforme ao principio de desenvolvemento sostible, harmonizando o uso racional dos recursos naturais e os requirimentos da economía, o emprego, a cohesión social, seguridade, etc.

Cabe sinalar, ante isto, que non se tivo en conta no proxecto a necesidade de coordinación urbanística para, previamente, cualificar adecuadamente os terreos que deban reservarse polos concellos para este tipo de instalacións no municipio tal e como se establece no artigo 5 da Lei 24/2013 do sector eléctrico.

Na situación urbanística non hai descrición algunha do plan da zona e da afectación ao mesmo, o que invalida por falta de motivación e concreción o proxecto. Trátase dun proxecto no que non se relacionan as parcelas catastrais que se verán ocupadas por liñas, aeroxeradores e subestacións.

Prodúcese unha irregularidade grave que ao conlevar a aprobación do proxecto a declaración de utilidade pública para os efectos de ocupación do solo, mesmo mediante expropiación ao tratarse de bens particulares, non pode ser analizado o alcance real do proxecto que se persegue, o que debe ser considerado de insuficiente a efectos do pronunciamento do informe definitivo deste Concello, que no seu día deberá ser solicitado preceptivamente.

D) CONSIDERACIÓNS A TER EN CONTA

D.1.XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN

De acordo co proxecto, o obxectivo é a creación de un parque eólico titulado A Cunca, o cal levará a cabo o transporte a enerxía producida pola xeración eólica e de ciclo combinado prevista na zona. Obxectivos que redundarán nun considerable incremento dos niveis de garantía de seguridade, de fiabilidade e de calidade da rede de transporte e de distribución tanto a nivel rexional como autonómico e local.

Aínda que os obxectivos expostos en termos xerais poden considerarse positivos, o **proxecto carece de calquera dato que poña de manifesto os déficits e problemas do sistema actual e que permita**, por tanto, valorar a necesidade real de levar a cabo unha actuación desta envergadura.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M8FQQK.9552DQ | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 19



D.2.DEFINICIÓN DE PROXECTO

O documento que serve de base ao estudo de impacto ambiental non pode considerarse un proxecto completo.

O proxecto presentado, ao **non definir a localización da liña de evacuación e dos apoios da mesma así como a altura de cada un deles**, non permite concretar aspectos tan relevantes para a correcta identificación e valoración de impactos como son os accesos, as plataformas de traballo para a montaxe dos apoios ou as rúas de seguridade.

En xeral resulta inviable ter unha idea exacta do trazado dos accesos ata a redacción do proxecto completo, momento no que se coñecen exactamente a situación de cada un dos apoios, tal e como se pode comprobar na páxina 45 do documento do proxecto:

“El dimensionado y la ubicación de los apoyos quedan supeditados al levantamiento topográfico y a los cálculos mecánicos justificativos de los mismos, objetos del proyecto de ejecución.”

Á hora de avaliar os efectos ambientais potenciais, o estudo de impacto ambiental non considera a situación dos apoios da rede eléctrica correspondente á liña de evacuación.

Directrices do territorio de Galicia

Por outra banda, cabe sinalar, que o proxecto inclúe as **Determinacións de ordenación do territorio, de conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia**, as cales se atopan derogadas polo DECRETO 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.

Os proxectos mediante os que se materialicen os parques eólicos atenderán ás seguintes directrices, entre outras, segundo o determinado no DECRETO 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia:

-As liñas de evacuación cara á rede de transporte planifícanse de forma conxunta co parque eólico, procurando buscar os mellores trazados, de acordo cos criterios sobre liñas eléctricas. Dentro das AEIP delimitadas no Catálogo das paisaxes de Galicia, estudarase a viabilidade de enterrar as liñas de evacuación.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M8FQOKL9552DQ | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 19



En este caso concreto non se inclúen as liñas de evacuación do parque eólico polo que se está a incumprir a lexislación de aplicación.

D.3.PLAN EÓLICO DE GALICIA

O Plan Eólico de Galicia foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 1 de outubro de 1997 , publicado no D.O.G. o 15/12/97. A aprobación do Plan Sectorial Eólico de Galicia, permitiu dar un impulso decisivo ao desenvolvemento da política enerxética de Galicia, e regular a forte compoñente territorial das instalacións produtoras cuxa incidencia no territorio galego –polas características especiais do interese público que representan- transcende do termo municipal no que se localizan.

De acordo con todo iso e coas previsións do artigo 22.1 da Lei 10/1995 do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, que tipificou a figura dos Plans Sectoriais de incidencia supramunicipal, o Plan Sectorial Eólico de Galicia (PSEGA) aprobado, non só respondeu estritamente a esta función; senón que, así mesmo, permitiu incorporar a un instrumento específico de Ordenación do Territorio a totalidade do ámbito territorial de incidencia definido polas 98 Áreas de Investigación - 472.761 Has - integradas nos dez Plans Eólicos Estratéxicos que aprobara con anterioridade a Consellería de Industria e Comercio, en base ao Decreto, do 6 de xullo.

Posteriormente levaronse a cabo varias modificacións do mesmo no que se foron incluíndo ámbitos e áreas de investigación de posibles implantacións de parques eólicos.

Ante isto, cabe sinalar que o parque eólico da Cunca que se proxecta no municipio de Vila de Cruces non se atopa dentro da listaxe dos parques que se inclúen no Plan Sectorial Eólico de Galicia.

D.4.CONSIDERACIÓNS EN RELACIÓN COAS AFECCIÓNS

RECURSOS HÍDROLÓXICOS

Rede hidrolóxica superficial: O parque eólico localízase dentro do sistema de explotación número 5 establecido pola Demarcación Hidrográfica de Galicia- Costa e conformado pola conca do Río Ulla e Ría de Arousa (marxe dereita). Desde un punto de vista hidrógráfico, a zona de afección do parque eólico esténdese entre as concas do Río de Orza, Río de Abialla, e Río Deza. Tanto os regos de Orza como o de Abialla verten os seus augas ao río Deza, o cal á súa vez, é afluente do Río Ulla.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M5FQQK.9552DQ | Corrección: https://viladecruces.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 19



O vial de acceso á subestación e zona de provisións sitúase na contorna dun curso de auga temporal sen nome que verte ao Río de Orza. Sobre a zona de policía deste arroio transcorrerían 84 m de vial de nova apertura.

O vial de acceso aos aeroxeradores CU01 e CU02 sitúase no en torno dun arroio temporal sen nome que verte ao Río de Orza.

Rede hidrolóxica subterránea: o parque eólico sitúase sobre a masa de auga subterránea denominadas como: MasSub 014.005 “Ulla”. A zona de afección polas infraestruturas que constitúen o parque eólico, sitúase sobre a mencionada masa de auga subterránea “Ulla”.

Polo tanto, pódese comprobar que existe unha afección aos recursos hídricos e se vulnera a Directiva Marco da Auga (DMA) dada a ausencia dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a non afección aos acuíferos e a calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas.

ESPAZOS NATURAIS E MEDIO FÍSICO

O espazo natural protexido ZEC ES1140001 “Sistema fluvial Ulla- Deza”, localízase a uns escasos 220 m ó suroeste da poligonal do parque eólico, amparado polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación vos lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba ou Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia e ao redor de 5 km a ZEC Sobreirais do Arnego, declarados ambos os como zonas especiais de conservación polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2014, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia; e á súa vez, ambos os espazos naturais considéranse como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), constituíntes da Rede galega de espazos protexidos, declaradas segundo o Decreto 72/2004, do 2 de abril. Mencionar tamén a presenza da ZEC Brañas de Xestoso, a máis de 11 km suroeste do ámbito de estudo, declarado tamén como zona especial de conservación polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo de 2014; e á súa vez, considérase como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), segundo o Decreto 72/2004, do 2 de abril. O parque eólico atópase sobre o ZIM Río Ulla e afluentes.

Afección paisaxística moi severa e incompatible co parque eólico. INCREMENTO DO FEÍSMO PAISAXÍSTICO.

O proxecto provocará unha intrusión visual derivada da distribución dos aeroxeradores dispostos seguindo a traza de cordais e cumios montañosos. Segundo o documento de inicio, nun radio de 15 km existen actualmente dous

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M5FQQK.9552DQ | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 19



parques en funcionamento, Orrea e Monte Carrio e estanse a tramitar o PE de Axouxere e Mesada ao norte (ambos a menos de 2,5 km) e Rodeira ao sur (a 1 km). A proximidade destes últimos fai que o impacto visual conxunto se multiplique considerablemente.

Os aerogeradores proxectados poden ter unha incidencia visual nas panorámicas dende a AEIP da Fervenza do Toxa - Carboeiro que cómpre valorar. Ademais, o parque impacta directamente sobre o miradoiro de Valiña, ao situarse o aerogerador 1 na mesma posición.

Así mesmo, afecta ás panorámicas desde o miradoiro do Coto da Magdalena, onde debe valorarse a visibilidade conxunta co veciño parque eólico de Axouxere, en fase de tramitación.

Ademais da afección ás vistas dende as AEIP e os miradoiros do Catálogo e do efecto conxunto de proxectos de parques eólicos próximos, outro potencial impacto virá derivado da distancia aos núcleos de poboación, sendo especialmente sensibles os asentamentos localizados a menos dun quilómetro, como son os de Abealla, Alcobre, Covas, Pousadoiro, Pastoriza, Valboa e Souto. Moitos deles dentro da cunca visual doutros parques proxectados. No caso dos núcleos situados ao sur e oeste do parque, cobra especial importancia a valoración do efecto conxunto co PE de Rodeira.

A área de especial interese paisaxístico máis próxima ao parque eólico denomínase Fervenza do Toxa- Carboeiro”, e atópase en torno ao sur dos aerogeradores CU1 e CU2. Ao norte dos aerogeradores CU3 e CU5 está a AEIP “Río Ulla”.

Nun radio de estudo de 10 km atópanse as AEIP “ Sobreirais do Arnego” e “Insuas de Gres”, localizadas, respectivamente, en torno o 7,8 km ao leste do aerogerador CU5 e o 6,7 km ao oeste do aerogerador CU1. En torno a 11 km atopan as AEIP “Miradoiro de Gundián” e “Monte de San Sebastián”, situados, respectivamente, ao oeste do aerogerador CU1 e ao suroeste dos aerogeradores CU1 e CU2.


En torno o 12 Km ao suroeste áchase a AEIP “Pazo de Oca”, e en en torno o 13,5 km ao nordés do aerogerador CU5 e ao oeste do aerogerador CU5 sitúanse, respectivamente, as AEIP “ Mourazos e O Monte San Xurxo” e “Pazo de Santa Cruz de Ribadulla”.

A uns 10 km ao noroeste das infraestruturas localízase a AEIP “O Pico Sacro”.

No Catálogo de Paisaxes de Galicia inclúense ademais, **unha serie de miradoiros con valor paisaxístico**.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M8FQQL952DQ | Corrección: https://vialdecruces.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 19



O miradoiro máis próximo á zona de estudo é miradoiro de “A Valiña”, situado en torno os 43 m ao sur do aeroxerador CU1. Pero na entorna tamén están os miradoiros “Monte das Covas” e “Coto da Magdalena”, en torno ao aeroxerador CU5. Outros miradoiros son o do Carrio e “Pena”, localizados, respectivamente, en torno ao aeroxerador CU4 e ao noroeste do aeroxerador CU3.

Finalmente nun radio de estudo de 15 km sitúanse ao oeste das infraestrucutras os miradoiros “Alto Gundián” e “Ponche Gundián”, ao noroeste “Coto de San Sebastián”, e ao suroeste “Monte San Sebastián” (Fonte: Catálogo das Paisaxes de Galicia. Xunta de Galicia 2016).

Convenio europeo da paisaxe

No estudo de afección paisaxística non se sita en absoluto as directrices do Convenio Europeo da Paisaxe, ratificado polo Estado español o 26 de novembro de 2007 e que entrou en vigor o 1 de marzo de 2008.

Ante isto entendese que se debe ter en conta para a implantación do mesmo dado que se entende de aplicación algúns preceptos establecidos polo convenio para a súa consideración:

“A percepción sensorial (visual, auditiva, olfativa, táctil e gustativa) e emocional que ten unha poboación da súa contorna e o recoñecemento das súas diversidades e especificidades históricas e culturais son esenciais para o respecto e salvagárdaa da identidade da propia poboación e para o seu enriquecemento individual e social. Iso implica un recoñecemento dos dereitos e deberes da poboación para xogar un papel activo nos procesos de adquisición de coñecemento, de decisión e xestión da calidade dos lugares. A implicación da poboación nas decisións de intervención e na súa posta en práctica e a súa xestión no tempo é considerada non como un acto formal, senón como parte integral dos procesos de xestión, protección e ordenación.”

Esta idea vén reforzar a solicitude de considerar de forma detallada a afección paisaxística ás Entidades Locais Menores afectadas, pasando de consideralas como “puntos de observación secundaria” ou como parte dunha unidade de paisaxe de vaga definición (“unidade de paisaxe antropizado”) para outorgarlles no estudo unha figura propia de análise.

Os núcleos rurais deben estudarse tanto desde o interior como desde do exterior, incluíndo unha análise comparativa de simulacións antes e despois do trazado para avaliar o impacto visual sobre as mesmas. Así mesmo, a análise debe valorar tanto os elementos culturais e patrimoniais destas entidades como os seus elementos menores, que se consideran parte fundamental da paisaxe.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M5FQQK.9552DQ | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 19



Neste sentido, pode ser conveniente consultar as “Recomendacións CM/ Rec (2008) do Comité de Ministros aos Estados membro sobre as orientacións para a aplicación do Convenio Europeo da Paisaxe”, onde se menciona respecto diso da calidade paisaxística:

“Certos elementos naturais e/ou históricos dos lugares poden ser obxecto dunha atención particular para preservar o seu papel específico, significado histórico particular, e os seus potenciais ambientais ou outros. Por exemplo, en territorios agrícolas, sebes, plantacións de aliñación, muros de pedra seca ou terra, terrazas, árbores monumentais illadas, fontes ou redes de canles históricas”

Directrices do territorio de Galicia

Por outra banda, cabe sinalar, que o proxecto inclúe as **Determinacións de ordenación do territorio, de conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia**, as cales se atopan derogadas polo DECRETO 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.

Os proxectos mediante os que se materialicen os parques eólicos atenderán ás seguintes directrices, entre outras, segundo o determinado no DECRETO 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia:

- Dado que **existe unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual**. Deberase estudar a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, acordadas cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores.

Nesta mesma liña, considerarase a posibilidade de facilitar a xestión forestal destas terras de maneira que se apantalle o parque con plantacións forestais planificadas e xestionadas con esta finalidade, fomentando as especies autóctonas e asegurando o cumprimento das prescricións da normativa en materia de prevención de incendios forestais.

- Dentro dun mesmo parque ou en parques contemporáneos visibles entre si se priorizarán modelos de aeroxeradores similares e estudarase convenientemente a homoxenización de tamaños, cores, sentido rotatorio e velocidade das pas. No deseño de novos proxectos eólicos poñerase especial énfase na disposición dos aeroxeradores, atendendo a criterios de orde e composición coherentes coa paisaxe preexistente. A configuración dos aeroxeradores buscará unha orde e unha harmonización visual entre os elementos que a compoñen.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M8FQQK.9552DQ | Corrección: <https://villadecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 19



-**As liñas de evacuación cara á rede de transporte planificaranse de forma conxunta co parque eólico**, procurando buscar os mellores trazados, de acordo cos criterios sobre liñas eléctricas. Dentro das AEIP delimitadas no Catálogo das paisaxes de Galicia, estudarase a viabilidade de enterrar as liñas de evacuación.

Ante o citado anteriormente, e realizado o estudo dos diversos proxectos que se están a redactar na comarca pódese comprobar que se está a incumprir de xeito grave a lexislación dado que:

- Non se ten en conta a cuantificación do impacto visual das infraestruturas eólicas proxectadas e a súa repercusión nos tipos e valores paisaxísticos.
- Non se considera en ningún momento a **preocupación social existente polo impacto visual dos aeroxeradores nin se adoptan as medidas necesarias para reducir ou mitigar o mesmo.**
- **Non se prevé a homoxeneización entre os parques existentes e os que se proxectan na zona.** Non se pon especial énfase na disposición dos aeroxeradores, atendendo a criterios de orde e composición coherentes coa paisaxe preexistente. A configuración dos aeroxeradores buscará unha orde e unha harmonización visual entre os elementos que a componen.
- **Non se proxecta a liña de evacuación cara á rede de transporte de forma conxunta co parque eólico.**

PATRIMONIO CULTURAL

Vila de Cruces conta con varios **roteiros de sendeirismo** que permiten gozar coa arte e a paisaxe da zona:

- Senda do Deza (4,6 km): discorre polos bosques naturais de Vila de Cruces e permite a contemplación de parte do patrimonio pertencente ao concello: Ponte dos Cabalos, capela de San Paio e a ponte sobre o Río Deza. Está en proxecto o trazado doutro carreiro, de quilómetro e medio, que conecte o antigo poboado mineiro de Fontao co Mosteiro de Carboeiro e a Fervenza do Río Toxa (sita no municipio de Silleda)
- Roteiro das minas de estaño e Wolframio de Fontao-Vila de Cruces (7,3km): arrinca no Mosteiro de Carboeiro en Silleda e continúa ata o poboado mineiro de Fontao. Atravesa distintos puntos destacados como as diferentes explotacións mineiras da zona e a igrexa de Santiago de Fontao.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M5FQQK.9552DQ | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 19



- Roteiro Remesquide- Basebe (14km): Carreiro lineal do concello de Vila de Cruces que comeza en Basebe (parroquia de Salgueiros) e finaliza en Remesquide (parroquia de San Tomé de Obra). O seu 14 km transcorren pola marxe esquerda do río Ulla.
- Roteiro de Ponte Ledesma (15,9km): roteiro fluvial que discorre pola ribeira do Río Ulla, empezando en Ponte Ledesma, pasando por Gres e terminando en Vila de Cruces.

Afección ao patrimonio cultural dado que a situación do parque se atopa próximo aos seguintes elementos:

- 1.- Túmulo de Couto Mesada
- 2.- GA36059025 Castro de Sabrexo, Zarra dos Castros.
- 3.- AC36059001 Anaco de Muíño da Revoltiña
- 3.- Túmulo 01, Túmulo de Couto Mesada


FAUNA E FLORA

Afección severa a Hábitats dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres:

- 3260 Ríos des pisos basal a montano con vexetación de Ranunculion fluitantis e de Callitricho- Batrachion
- 4030 Queirogais secos europeos
- 9230 Carballeiras galaico portuguesas de Quercus robur e Quercus pyrenaica
- 7110* hábitat de turbeira. Prioritario.
- 8220 Pendentes rochosas silíceas con vexetación casmofítica Non Prioritario
- 8230 Roquedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo- Scleranthion ou do Sedo albiVeronicion dillenii Non Prioritario
- Localízanse as seguintes infraestruturas sobre o hábitat de interese comunitario 4030 – Queirogais secos. - Os aeroxeradores CU1 e CU2.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M8FQQK.9552DQ | Corrección: https://villadecruces.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 19



Afección moi severa e incompatible coa avifauna *Circus pygargus* *Circus cyaneus* *Rhinolophus ferrumequinum* *Myotis myotis* e outras moitas especies dada a proximidade da Rede Natura:

- 1 invertebrado, *Macromia splendens*. Catro especies dentro da categoría “En perigo”: 1 invertebrado (*Margaritifera margaritifera*), 1 peixe continental (*Salmo salgar*), e 2 aves (*Gallinago gallinago* e *Milvus milvus*).

- Dezanove especies dentro da categoría “Vulnerable”: 4 invertebrados (*Carabus galicianus*, *Deroceras hispaniensis*, *Coenagrion mercuriale* e *Gomphus simillimus*), 5 peixes continentais (*Anguilla anguilla*, *Chondrostoma duriense*, *Salmo trutta*, *Petromyzon marinus* e *Pseudochondrostoma duriense*), 3 anfibios (*Chioglossa lusitánica*, *Píntega píntega* e *Ra iberica*), 2 aves (*Circus pygargus* e *Streptopelia decaocto*) e 5 especies de mamíferos (*Galemys pyrenaicus*, *Arvicola sapidus*, *Myotis emarginatus*, *Myotis myotis* e *Oryctolagus cuniculus*).

- Sete especies dentro da categoría “Case ameazada: 1 anfibio (*Alytes obstetricans*), 2 réptiles (*Lacerta schreiberi* e *Podarcis bocagei*), 1 ave (*Falco subbuteo*), e 3 mamíferos (*Canis lupus*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*).

Segundo o catálogo galego de especies ameazadas:

- 6 especies dentro da categoría “En perigo de extinción”: 3 invertebrados (*Elona quimeriana*, *Margaritifera margaritifera* e *Macromia splendens*), e 3 aves (*Milvus milvus*, *Gallinago gallinago* e *Vanellus vanellus*).

- 12 especies dentro da categoría “Vulnerable”: 1 invertebrado (*Oxygastra curtisii*), 3 anfibios (*Chioglossa lusitánica*, *Ra temporaria* e *Ra iberica*), 3 aves (*Scolopax rusticola*, *Circus cyaneus* e *Circus pygargus*), e 5 mamíferos (*Galemys pyrenaicus*, *Myotis emarginatus*, *Myotis myotis*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Rhinolophus hipposideros*).

Segundo o estado de conservación do catálogo español de especies ameazadas, estarían presentes: - 3 especies dentro da categoría “En perigo de extinción”: 2 invertebrados (*Margaritifera margaritifera* e *Macromia splendens*), e 1 ave (*Milvus milvus*).

- 8 especies dentro da categoría “Vulnerable”: 2 invertebrados (*Elona quimeriana* e *Oxygastra curtisii*), 1 anfibio (*Chioglossa lusitánica*), 1 ave (*Circus pygargus*), e 4 mamíferos (*Myotis emarginatus*, *Myotis myotis*, *Rhinolophus ferrumequinum* e *Galemys pyrenaicus*).

MEDIO RURAL

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M5FQQK.9552DQ | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 19



Falla de avaliación do posible éxodo poboacional e o despoboamento do rural como consecuencia dá implantación masiva de parques eólicos

Debemos ter en conta que o parque proxectado afecta moi seriamente ao medio rural e, no caso concreto do municipio de Vila de Cruces, ao futuro das infraestruturas das entidades local que se verían afectadas, infraestruturas delas a menos de 500 m do trazado exposto.

Actualmente un dos obxectivos dos municipios é frear o despoboamento e abandono dos pobos, preservar as señas de identidade, ao mesmo tempo que incrementar a competitividade das estruturas económicas das zonas rurais e favorecer unha cultura social que perciba os valores do medio rural.

De acordo con estes obxectivos, os programas de desenvolvemento rural pretenden modificar o incerto futuro do modelo produtivo tradicional destes pobos, baseado na explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e forestais, cara a novos modos de subsistencia que poidan aproveitar os valores naturais e paisaxísticos que durante séculos preservaron.

Así se aposta por novos modelos de infraestruturas (agricultura ecolóxica, denominación de orixe, selos de calidade) e servizos (ecoturismo, turismo rural, lecer de natureza), todos eles en clara contradición coa presenza da infraestructura proposta. O mantemento da paisaxe supón a conservación dun recurso con infraestruturas sociais (identitarias, económicas e ambientais) infraestruturas dun mecanismo de desenvolvemento único para este medio rural.

Por iso, a implantación da infraestructuras proposta afectaría negativamente as características propias da paisaxe rural e poñerá en perigo o futuro desenvolvemento destas áreas.

Nucleos de poboación

No apartado no que se analizan as afeccións aos núcleos rurais non se realiza o estudo de forma pormenorizada.

Afección moi severa ás familias que habitan os seguintes núcleos poboacionais:

- O aeroxerador CU04 queda a 573 metros de Covas.
- O aeroxerador CU05 queda a 510 metros de Souto.
- O aeroxerador CU02 queda a 501 metros de Valboa

Cítase tamén que os “puntos de observación principais” serán aqueles próximos á futura liña e onde a frecuencia de observadores resulta media ou alta, especialmente

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M5FQQK.9552DQ | Corrección: <https://viladecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 19



aqueles que poidan supoñer observadores residentes e atópanse máis próximos á liña.

Ante isto, a técnico que subscribe, entende que é clara e está implícita a necesidade, nos criterios do propio estudo, analizar individualmente aqueles núcleos de poboación máis próximos á liña onde haberá observadores residentes.

Neste sentido, os núcleos rurais onde a liña de alta tensión se achegue a uns 500 m. do solo urbano deberían ser considerados como “puntos de observación principais” por motivo da súa proximidade e a presenza de observadores permanentes.

Así mesmo, aqueles pobos con elementos do patrimonio cultural e natural de interese poderían incluírse no grupo de “recursos paisaxísticos” que o estudo ten en conta para a análise visual, considerándoos “elementos singulares” a ser analizados en detalle pola importancia que é corresponde.

3.-Fragmentación, aos efectos da avaliación ambiental, das infraestruturas compartidas con outros proxectos industriais. O proxecto debe ser retirado de xeito definitivo por:

Cómpre lembrar ao respecto dá división artificial de proxectos a STSJ GAL 5691/2020 - ECLI: ES: TSJGAL: 2020:5691 de data 09/11/2020:

“TERCERO.- Que, como pone de relieve la parte recurrente, nos encontramos ante la división artificial de un único Parque Eólico en dos fases; la fase II carece de los elementos y equipamientos necesarios para ser considerada una instalación independiente de la fase I, entendiendo el T.S. (s. 20-4-2006, RC 5814/2003) que la figura del Parque Eólico debe ser necesariamente contemplada desde una perspectiva unitaria, pues en otro caso quedaría desvirtuada la naturaleza y la función de este tipo de instalaciones, por lo que les es consustancial que los generadores en ellos agrupados hayan necesariamente de compartir, además de las líneas propias de unión entre sí, unos mismos accesos, un mismo sistema de control y unas infraestructuras comunes (normalmente, el edificio necesario para su gestión y la subestación transformadora) y que la energía resultante ha de inyectarse mediante una sólo línea de conexión del parque, sin que sea posible descomponer, a efectos jurídicos, un parque proyectado para diseccionar de él varios aerogeneradores a los que se daría un tratamiento autónomo;...”

Non é certo que a efectos ambientais teñan que tramitarse como expedientes separados, xa que logo, o órgano ambiental e o substantivo, neste caso a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería de Industria da Xunta de Galicia, estarían a actuar de xeito fraudulento en detrimento do interese xeral para evitar que

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M8FQQK.9552DQ | Corrección: https://vialidacion.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 19



a cidadanía puidera participar na avaliación sinérxica, conxunta, acumulada, sumativa e global dos impactos ambientais derivados do conxunto das infraestruturas do que ven a ser na praxe un único proxecto industrial.

Para os efectos da elaboración do Estudo de Impacto Ambiental entenderase por parque eólico a unidade formada polo conxunto de aeroxeradores, plataformas de montaxe, torres de medición, camiños de acceso e rede de drenaxe, gabias de cableado, transformadores, subestación eléctrica de transformación, edificio de control e **liña eléctrica de evacuación ata o punto de unión cunha liña de evacuación existente á que verta a súa enerxía.**

Indica a promotora que:

“Para a evacuación da enerxía xerada do parque eólico, proxéctase unha liña, denominada Solución de Evacuación Conxunta PE Cunca e PE Rodeira (obxecto dun proxecto independente) da cal se presentou documento de inicio ambiental o 14/04/2020 e o 02/06/2020 presentouse unha corrección poñendo acorde as memorias técnicas co documento de inicio. Desde a SET PE Cunca, a enerxía evacuarase mediante unha liña aérea de alta tensión de 132 kV á que se conecta a enerxía procedente do PE Rodeira ata entroncar coa liña que chega do PE Turubelo para evacuar conxuntamente a través da liña denominada LAT 132 kV SET PE Turubelo- LAT 132 kV SET PE Rodeira/SET Colectora Silleda para chegar á subestación colectora onde se transformará de 132 kV a 400 Kv e así chegar ao momento final de entrega na Subestación Silleda 400 kV. Os parques eólicos de Rodeira e Turubelo, son obxecto de proxectos independentes”.

A avaliación ambiental debe abranguer á totalidade das infraestruturas do parque incluída á liña de evacuación. Polo contrario, sería unha vulneración da lei ao substraer dá participación pública dá avaliación ambiental a totalidade das infraestruturas non só xa do parque eólico senón tamén das presentes no territorio, xa que logo estas deben ser obxecto de avaliación ambiental global, sumativa e acumulada dos impactos ambientais.

Ademais este proxecto independente de evacuación dá enerxía de varios parques tampouco sabemos en que fase da tramitación administrativa se atopa.

Cabe sinalar que se debería levar a cabo á avaliación ambiental conxunta e glogal da totalidade das infraestruturas do parque eólico incluídas as liñas de evacuación e demais infraestruturas asociadas.

A participación do público na toma de decisións en materia do medio ambiente, e en particular, na avaliación ambiental dos proxectos industriais está recollida no

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M5FQQK.9552DQ | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 19



Convenio de Aarhus, no artigo 45 da Constitución española e na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

Substraer da participación pública e por tanto da avaliación por parte desta de determinadas infraestruturas, polo mero feito de ser compartidas é unha violación severa do espírito de Aarhus e dos dereitos fundamentais inalienables do ser humano, xa que está a impedir e obstaculizar a avaliación global, sumativa e sinérxica dos impactos ambientais do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial.

A avaliación ambiental dos impactos da totalidade das infraestruturas do proxecto industrial debe permitir á cidadanía a valoración conxunta, global, sinérxica e sumativa destes, en todas as fases de execución e durante o funcionamento do parque.

EN RESUMO:

- A xustificación da necesidade da actuación carece de datos que poña de manifestó os déficits e problemas dos sistema actual, polo que non permite valorar a necesidade real de levar a cabo unha actuación de tal envergadura.
- Cabe sinalar que se está a incumprir a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, dado que a envergadura dos parques que se proxectan no seu conxunto non se desenvolverase conforme ao principio de desenvolvemento sostible, harmonizando o uso racional dos recursos naturais e os requirimentos da economía, o emprego, a cohesión social, seguridade, etc.
- Non se tivo en conta no proxecto a necesidade de coordinación urbanística para, previamente, cualificar adecuadamente os terreos que deban reservarse polos concellos para este tipo de instalacións no municipio tal e como se establece no artigo 5 da Lei 24/2013 do sector eléctrico.
- Non se define a localización da liña de evacuación do parque eólico e a localización dos apoios da mesma o que incumpre as Determinacións das Directrices do territorio.
- O parque eólico da Cunca non se atopa delimitado no Plan Eólico de Galicia así como nas súas posteriores modificacións.
- En relación coas afeccións producidas polo parque proxectado:

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M5FQOKL9552DQ | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 19



- **Recursos hídricos** e se vulnera a Directiva Marco da Augas dada a ausencia dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a non afección aos acuíferos e a calidade de auga tanto superficiais como soterradas.
- Afección aos **espazos naturais** con grandes valores paisaxísticos e incluídos en Rede Natura 2000.
- Incremento do **feísmo paisaxístico** dado que se afecta a varias zonas de gran paisaxe aberto e natural e a actuación limitará o campo visual para contemplar as belezaas naturais, rompendo a harmonía da paisaxe e desfigurando a perspectiva propia do mesmo.

Incumprimento do Convenio Europeo da Paisaxe, ratificado polo Español o 26 de novembro de 2007 e que entrou en vigor o 1 de marzo de 2008.

Incumprimento das Directrices de ordenación do territorio dado que:

1. Non se ten en conta a cuantificación do impacto visual das infraestruturas eólicas proxectadas e a súa repercusión nos tipos e valores paisaxísticos.
 2. Non se considera en ningún momento a **preocupación social existente polo impacto visual dos aeroxeradores nin se adoptan as medidas necesarias para reducir ou mitigar o mesmo.**
 3. **Non se prevé a homoxeneización entre os parques existentes e os que se proxectan na zona.** Non se pon especial énfase na disposición dos aeroxeradores, atendendo a criterios de orde e composición coherentes coa paisaxe preexistente. A configuración dos aeroxeradores buscará unha orde e unha harmonización visual entre os elementos que a componen.
 4. **Non se proxecta a liña de evacuación cara á rede de transporte de forma conxunta co parque eólico.**
- Afección ao patrimonio cultural dado que se atopa preto de varios elementos protexidos.
 - Afección severa a Hábitats dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M8FQOKL9552DQ | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 19



- Afección moi severa e incompatible coa avifauna *Circus pygargus* *Circus cyaneus* *Rhinolophus ferrumequinum* *Myotis myotis* e outras moitas especies dada a proximidade da Rede Natura.
- Falla de avaliación do posible éxodo poboacional e o despoboamento do rural como consecuencia dá implantación masiva de parques eólicos.
- Fragmentación, aos efectos da avaliación ambiental, das infraestruturas compartidas con outros proxectos industriais.

A avaliación ambiental debe abranguer á totalidade das infraestruturas do parque incluída á liña de evacuación. Polo contrario, sería unha vulneración da lei ao substraer da participación pública da avaliación ambiental a totalidade das infraestruturas non só xa do parque eólico senón tamén das presentes no territorio, xa que logo estas deben ser obxecto de avaliación ambiental global, sumativa e acumulada dos impactos ambientais.

SOLICITASE:

Ante o anteriormente citado considerase que se debe levar a cabo o rexeitamento do estudo de impacto ambiental e das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do proxecto do parque eólico Cunca, situado no concello de Vila de Cruces, provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2019/02) e **a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social.**

Ademais, cabe sinalar que se está a incumprir de forma visible e notoria a normativa de aplicación dado que o proxecto do parque eólico da Cunca non inclúe a totalidade das instalacións correspondentes ao mesmo (liña de evacuación); polo que se están a incumprir o DECRETO 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Vila de Cruces

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: GT7YPL9ML274M5FQQK.9552DQ | Corrección: <https://vialdecruces.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 19